



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Febreiro 2022

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Febreiro 2022


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,8 puntos inferior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,5%, 0,8 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 27,1% e nos Outros servizos o 39,4%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 4,0% e en España un 4,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de febreiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,8 puntos inferior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,5%, 0,8 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 27,1%, suma 19,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 39,4% e achegan 10,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 23,0% e nos *Outros servizos* o 24,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 30,8%, co que achega 16,5 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 35,6% e achega 1,3 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 12,8% e suma 2,1 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 29,2%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 10,1% e o *Comercio ao retalho* o 13,4%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 39,4%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 39,6%, co que achega 5,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 335,4%, co que achega 2,8 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 24,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (26,5%), na *Hostalería* (133,3%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (27,7%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 42,0% no mes de febreiro.


Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o Comercio, cunha taxa do 26,1% achega 11,4 puntos e a *Hostalería*, ao crecer un 317,3%, achega 16,7 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 41,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores incrementos danse en Canarias (46,6%), Illes Balears (44,0%) e Galicia (30,1%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2022


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 4,0% respecto ao mes de febreiro de 2021, 0,4 puntos menos que en España (4,4%).



O persoal ocupado crece un 2,8% no *Comercio* e un 4,9% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento dáse na *Hostalería* (11,7%).


En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase na *Hostalería* (14,1%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (9,9%) e Cataluña (6,0%).

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	140,8	30,1	34,8
Comercio	138,9	27,1	35,2
Venta e reparación de vehículos de motor	113,4	35,6	28,6
Comercio por xunto	156,3	30,8	44,6
Comercio ao retalho	101,6	12,8	11,4
Outros servizos	146,0	39,4	33,8
Transporte	206,9	39,6	37,0
Hostalería	81,2	335,4	203,8
Información e comunicacións	117,7	19,9	13,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	131,2	16,8	11,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	90,6	6,0	2,7
España			
Xeral	122,2	23,5	23,9
Comercio	128,3	23,0	23,6
Venta e reparación de vehículos de motor	117,4	10,1	12,1
Comercio por xunto	143,5	29,2	30,3
Comercio ao retalho	102,7	13,4	13,2
Outros servizos	111,1	24,7	24,5
Transporte	123,7	26,5	28,0
Hostalería	83,6	133,3	116,3
Información e comunicacións	108,0	7,7	9,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,3	7,9	8,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,6	27,7	25,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	128,5	42,0	39,0
Comercio	132,2	26,1	31,8
Transporte	174,3	33,1	30,3
Hostalería	86,8	317,3	204,2
Información e comunicacións	123,0	23,0	16,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,9	21,1	16,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,6	15,0	13,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2022**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	122,2	23,5	23,9
Andalucía	117,7	19,6	18,4
Aragón	124,7	23,4	23,7
Asturias	117,1	25,3	23,1
Balears, Illes	81,7	44,0	40,0
Canarias	107,0	46,6	42,4
Cantabria	128,0	23,5	20,3
Castilla y León	112,3	19,2	18,1
Castilla-La Mancha	126,4	18,9	21,1
Cataluña	118,0	21,5	22,3
Comunitat Valenciana	128,6	24,8	22,6
Extremadura	122,9	23,7	26,5
GALICIA	140,8	30,1	34,8
Madrid	127,8	23,7	25,7
Murcia	125,6	15,8	14,0
Navarra	131,2	23,9	21,4
País Vasco	123,8	19,7	19,7
Rioja, La	132,2	26,1	25,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	4,0	3,6
Comercio	109,1	2,8	2,9
Venta e reparación de vehículos de motor	97,8	1,9	2,2
Comercio por xunto	122,1	1,9	1,6
Comercio ao retallo	103,8	3,6	3,9
Outros servizos	104,3	4,9	4,2
Transporte	102,7	2,0	1,4
Hostalería	90,4	11,7	9,5
Información e comunicacións	114,0	4,3	4,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,9	1,1	1,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,6	4,3	4,0
España			
Xeral	106,2	4,4	4,2
Comercio	105,5	1,8	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,1	1,2	1,1
Comercio por xunto	110,1	0,7	0,6
Comercio ao retallo	102,9	2,6	2,9
Outros servizos	106,6	6,1	5,8
Transporte	107,9	2,6	2,4
Hostalería	94,2	14,1	12,7
Información e comunicacións	115,8	4,9	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,4	2,3	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,8	5,3	5,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2022**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,2	4,4	4,2
Andalucía	103,8	4,2	4,1
Aragón	106,0	1,8	2,2
Asturias	102,7	2,7	3,1
Baleares, Illes	89,7	9,9	8,5
Canarias	101,9	5,5	5,5
Cantabria	103,9	4,9	4,7
Castilla y León	100,8	2,0	2,0
Castilla-La Mancha	107,5	4,3	4,4
Cataluña	109,3	6,0	5,7
Comunitat Valenciana	108,0	3,3	3,0
Extremadura	105,2	5,2	5,1
GALICIA	106,4	4,0	3,6
Madrid	108,6	4,1	3,9
Murcia	112,2	4,8	4,9
Navarra	107,3	4,7	4,9
País Vasco	104,1	2,2	2,4
Rioja, La	106,5	3,6	3,1

Fonte: INE